

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE BIOMASA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou ca Axencia Turismo de Galicia, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso da biomasa co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos centros pertencentes a administración pública, neste caso trátase do seguinte:

- Executar actuacións en materia de renovables consistentes na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa en catro albergues (Cebreiro, Portomarín, San Lázaro e Triacastela).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste acordo de cooperación, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Sinatura electrónica e data na marxe esquerda.

